



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **3 de outubro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 46508/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/09/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Museos Municipais, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto.

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 111, do xoves 12 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 127, do venres 4 de xullo do 2025.

Consta a presentación de recursos de reposición contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria interpostos polos sindicatos CCOO e CIG, que teñen sido informados e resoltos en tempo e forma, e debidamente publicados nos diarios e boletíns oficiais correspondentes os acordos de desestimación dos mesmos, tal e como consta documentado no expediente electrónico.

Unha vez resoltos os recursos, no Boletín Oficial del Estado núm. 211, do martes 2 de setembro do 2025 consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de instancias, exposto ao público o expediente, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 199) presentaronse os seguintes aspirantes:

1.- J.M. Rey García, con DNI ***82*54*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusamente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2025 10:06	Páxina 1 de 2
250275855	CSV: AHA2D6-AD333B-878F89-L8WALB-C8CGGH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentadas no trámite 199 do expediente xa citado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva en segunda convocatoria do posto de Xefe/a de Museos Municipais, que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS

ASPIRANTE

DNI

J.M. Rey García

***82*54*

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2025 10:06	Páxina 2 de 2
250275855	CSV: AHA2D6-AD333B-878F89-L8WALB-C8CGGH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		